



XUNTA DE GALICIA

SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

M^a Teresa Bouso Pérez solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27. 82637

As obras solicitadas consisten nas obras de construción dun muro opaco, no predio con referencia catastral 27002A013001440000KT; na zona de policía dun rego innominado afluente do río Ouro, no lugar de Gorbidal, parroquia de Santa María de Bacoí, no concello de Alfoz, Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 21 de xuño de 2022.- o xefe do Servizo Territorial de Lugo, P.S. 18/08/2021 O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 2023

CONCELLOS

BURELA

EXPEDIENTES 969/2022 E 970/2022. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. MAIO 2022.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2022 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de maio de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 7.556,05 €, correspondendo 956,40 € a libre concorrencia e 6.599,65 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 12 de xullo de 2022.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2024

O INCIO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía número 2022-0241 de data 14/07/2022, aprobouse a apertura de novo prazo de 8 días naturais dende a publicación do presente anuncio no BOP de Lugo para a presentación de instancias por parte das persoas interesadas en formar parte da ampliación da actual bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar, e solventar a imperiosa necesidade de cubrir as vacantes existentes por razóns de IT, vacacións, etc. ao atoparse a bolsa de emprego esgotada. Así mesmo, ábrese o mesmo prazo para a actualización de méritos das persoas que xa forman parte da bolsa. As bases íntegras do proceso selectivo poderán consultarse no taboleiro físico e electrónico do Concello do Incio (<https://concellooincio.sedelectronica.gal>).

O Incio, 15 de xullo do 2022.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2033

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº 7011/2022 DO 06/07/2022

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día catro de novembro de dous mil vinte, adoptou, entre outros o acordo 13/548 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO/A PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2018).

- Polo Decreto 7326/2020 de data 19/11/2020 resolveuse convocar o proceso selectivo PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO/A PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2018)

O antedito decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" número 286, do 14 de decembro de 2020, e extracto deste no "Diario Oficial de Galicia" núm. 31, do 16 de febreiro de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" núm. 61, do 12 de marzo de 2021.

Visto que nas BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, Base Sétima último parágrafo establece:

"As prazas reservadas para persoas con discapacidade que non se cubran por este sistema acumularanse á quenda libre."

Visto que as bases específicas aprobadas por acordo 13/548 da XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-11-2020 para o acceso en propiedade a dúas prazas de arquitecto/a pertencentes ó cadro de persoal funcionario do excmo. concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (oep 2018) establece nos fundamentos de dereito:

"Na Oferta de Emprego Público do ano 2018 inclúese unha praza de Arquitecto por quenda libre reservada a persoas con discapacidade, sendo do total de 23 dúas prazas reservadas a persoas con discapacidade. Segundo o Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, estímase procedente a posibilidade de acumulación á quenda ordinaria das prazas non ocupadas reservadas a persoas con discapacidade ao alcanzar a taxa do 3% das prazas convocadas."

Segundo anuncio nº7 do tribunal de selección de 2 prazas de arquitecto/a funcionario/a de carreira do concello de Lugo (oep 2018) mediante oposición libre ningún aspirante en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade superou todos os exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición para o acceso en propiedade a dúas prazas de arquitecto/a funcionario/a de carreira do concello de Lugo.

Unha vez rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador en sesión celebrada o 27.06.2022, ACORDA:

Publicar a seguinte relación de aprobados no proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de arquitecto/a funcionario/a de carreira do Concello de Lugo mediante oposición libre (OEP 2018), para elevar ao órgano competente para os efectos da súa publicación no BOP de Lugo e posterior nomeamento:

1ª.- Montero González, María, DNI nº ***8847** Puntuación total: 22.20

2º.- Brandariz Blanco, Jorge, DNI nº ***0871** Puntuación total: 15.70

De conformidade coas Instrucións para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Concello de Lugo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9/10/2019, os aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal.

Contra as resolucións e actos de trámite do tribunal, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de interposición será dun mes.

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Facer pública a relación dos aspirantes aprobados no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de persoal de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018

ARQUITECTO/A:

1ª.- Montero González, María, DNI nº ***8847** Puntuación total: 22.20

2º.- Brandariz Blanco, Jorge, DNI nº ***0871** Puntuación total: 15.70

SEGUNDO.- Os opositores aprobados, de conformidade coa base vixésima das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Declaración xurada de non estar separada do servizo das administracións públicas e non estar incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- b) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- c) Dúas fotografías tamaño carné.
- d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

TERCEIRO - Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), seguindo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 6 de xullo de 2022.

R. 2025

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas XUÑO 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 04.07.2022 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de xuño 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 13.07.2022 ata o 13.09.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 14 de xullo de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022. A primeira Tenente de Alcalde Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2026

*Anuncio***APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA XUÑO 2022**

Por Xunta de Goberno Local do día 04.07.2022 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de xuño de 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 14.07.2022 ata o 14.09.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 14 de xullo de 2022.- Gloria María Prada Rodríguez,P.D. Decreto de 24.01.2022 A 1ªTenende de Alcalde.

R. 2027

O PÁRAMO

Anuncio

Neste Concello estase a instruír expediente de investigación da titularidade do seguinte ben:

- Referencia catastral: **27043A003096360000LS**.

Situación: **Polígono 3, Parcela 9636**.

Convócase, por prazo de trinta días trámite de audiencia e, no seu caso, de información pública, a fin de que quen puidesen terse por interesados en devandito expediente, poidan comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente.

Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concellodeparamo.sedelectronica.gal>].

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

O Páramo, 7 de xullo de 2022.- O alcalde, José Luis López López.

R. 2028

A PASTORIZA

*Anuncio***OFERTA DE EMPLEO PÚBLICO 2022**

En cumprimento de lo dispuesto en el artículo 70.2 del Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto básico del empleado publico, se hace público que, de acuerdo con el artículo citado y con el artículo 91 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, la Junta de Gobierno Local en sesión celebrada con fecha 27 de mayo de 2022, aprobó la oferta de empleo público del Ayuntamiento de A Pastoriza para el año 2022, que comprende la plaza que a continuación se menciona dotada en el presupuesto de la corporación y, en atención a lo dispuesto en el artículo 20 de la Ley 22/2021, de 28 de diciembre, de presupuestos generales del Estado para el año 2022:

CATEGORÍA	N.º VACANTES	DENOMINACIÓN	TIPO DE JORNADA	SISTEMA DE SELECCIÓN
PERSONAL LABORAL	1	OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES	COMPLETA	CONCURSO- OPOSICIÓN

Contra la resolución que se publica, que pone fin a la vía administrativa, se podrá interponer alternativamente el recurso potestativo de reposición, en el plazo de un mes contado desde el día siguiente al de la última publicación de este anuncio, de conformidad con el dispuesto en los artículos 123 y 124 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante lo Juzgado del Contencioso-Administrativo de Lugo o, a su elección, el que corresponda a su domicilio, en el plazo de dos meses contados a partir del día siguiente al de la última publicación de este anuncio, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, de la jurisdicción contencioso-administrativa. Si se opta por interponer el recurso potestativo de reposición, no se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o sea desestimado por silencio.

A Pastoriza, 6 de julio de 2022.- El Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 2029

RIBAS DE SIL

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de 18/05/2022, aprobáronse as bases xerais que rexerán os procesos selectivos da oferta de emprego público extraordinaria de estabilización do ano 2022, aprobada mediante Decreto da Alcaldía 2022-0122, do 18/05/2022 e publicada no BOP n.º 119, do 26/05/2022 e DOG n.º 102, do 30/05/2022, e que se anexan deseguido:

BASES XERAIS QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA E PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL. CONCURSO - OPOSICIÓN.

PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria.

É obxecto das presentes bases a regulación dos aspectos comúns para a convocatoria e proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego *EXTRAORDINARIA* correspondente ao exercicio do ano 2022 presentada:

Denominación	Categoría	Estabilización: Antes 30.12.2020
Arquitecto/a Asesora Municipal	Arquitecto/a	1 PRAZA (XP 50 %) Concurso - Oposición
Auxiliar de Axuda no fogar SAF	Auxiliar	3 PRAZAS (XC) Concurso - Oposición

As especificidades de cada proceso selectivo serán obxecto de regulación nas bases específicas debendo ser acordados aos criterios xerais dispostos nas presentes bases.

O sistema de selección aplicable a estes procesos selectivos será mediante concurso-oposición, en quenda libre, que consistirá nunha fase de oposición, de carácter obrigatoria e eliminatoria, e unha fase de concurso, de carácter non eliminatoria. En ningún caso, os puntos obtidos na fase de concurso poderán servir para superar os exercicios suspendidos na fase de oposición.

Normativa aplicable.- En todo o non previsto nestas bases resultará de aplicación, entre outras normas:

- .- A Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.
- .- A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- .- O Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- .- O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que apróbase o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia,
- .- A Lei 30/1984, de 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública,
- .- A Lei 7/1985, de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,
- .- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,
- .- O Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que apróbase o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local,
- .- O Real Decreto 891/1991, de 7 de xuño, sobre Regras Básicas e Programas Mínimos ao que debe axustarse o Procedemento de Selección dos Funcionarios da Admón. Local,
- .- O Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Admón. Xeral do Estado,
- .- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

De conformidade co disposto en el artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, fíxase como medio de comunicación das publicacións que se deriven dos actos integrantes deste procedemento selectivo a exposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Ribas de Sil e/ou no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (cando proceda).

En cumprimento da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos persoais consignados na instancia trátanse coa finalidade de ser empregados na xestión dos respectivos procesos selectivos.

O exercicio dos dereitos de acceso e rectificación, supresión, limitación, portabilidade u oposición en relación cos datos de carácter persoal poderá realizarse a través da Sede Electrónica do Concello de Ribas de Sil.

Terase en conta o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes polo que se refire ao acceso ao emprego, de acordo co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes.

SEGUNDA. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, de acordo co establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, será necesario reunir as seguintes condicións xerais, na data que finalice o prazo de presentación de instancias:

a) Nacionalidade.- Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea. Tamén reunirán este requisito o cónxuxe de española ou español ou de persoa nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores desa idade dependentes, e as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.

No caso das prazas de natureza de persoal laboral, ademais das persoas anteriores, poderán acceder os/as estranxeiros/as con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas e non padecer problemas de saúde que sexan incompatibles co desenrolo das correspondentes funcións.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Admóns. Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban n o caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación esixida para cada praza.

TERCEIRA. Quenda de Reserva para persoas con discapacidade.

Reservarase unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes ofertadas para ser cubertas entre persoas que acrediten posuír unha discapacidade de grao igual ou superior ao trinta e tres por cento.

A reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

A opción a quenda de reserva deberá facerse constar na solicitude de participación polo interesado, atendendo ao disposto na Base Cuarta do presente documento.

Os aspirantes que opten pola quenda de reserva deberán superar as mesmas probas selectivas que as fixadas para o resto dos aspirantes; con todo, nas devanditas probas selectivas realizaranse as adaptacións necesarias, previstas na Base Sétima do presente documento. En todo caso o grao de discapacidade que resulte acreditado deberá ser compatible co desempeño das tarefas e funcións correspondente ao posto ofertado.

CUARTA. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas bases para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE, prorrogándose ao primeiro día hábil seguinte se o prazo terminase en un día inhábil.

A presentación de solicitudes comportará a aceptación pola persoa interesada das presentes bases así como das específicas do proceso selectivo correspondente e que, polo tanto, reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas mesmas, referidos sempre á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Quen desexe participar nos procesos selectivos deberán cumprimentar a solicitude de admisión a probas selectivas no modelo normalizado de solicitude, que poderá ser habilitado para o Autobaremo, ao efecto e que se atopará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello de Ribas de Sil, e nas oficinas municipais e presentar a solicitude na forma establecida.

